¿Tiñas idea de que ...?

Estás pagando un prezo abusivo polos produtos agroalimentarios que non garda ningunha correspondencia co que cobran agricultores/as e gandeiros/as.

A cesta da compra dos alimentos custa na actualidade un 66 % máis que no 1990, en tanto o produtor só cobra un 26 % máis que daquela.

Os prezos cobrados polos produtores son tan baixos que moitos sectores non cubren nin tan sequera custos de produción.

A renda agraria caiu nos últimos 5 anos un 23,6 % (a prezos constantes) polos baixos prezos en orixe dos produtos agrarios e polo aumento dos custos de produción.

Galicia perdeu na última década máis da metade da poboación ocupada no agro e xa quedan menos de 100.000 agricultores e gandeiros na comunidade.

Tres grandes grupos (Carrefour, Eroski e Mercadona) controlan o 49,5 % do sector da distribución agroalimentaria.

A especulación nos mercados internacionais de produtos básicos representa ata un 30 % do aumento dos prezos dos alimentos nos dous últimos anos.

UNIÓNS AGRARIAS
UPA

Consellos para a compra

Compara prezos: adquire os teus produtos nos establecementos que che ofrezan unha mellor relación calidade / prezo.

Interésate pola orixe dos produtos que mercas e polas garantías de seguridade alimentaria con que se produciron. Confía nos produtos de orixe galega e do resto do Estado.

Apoia os produtos transformados ou comercializados por cooperativas ou asociacións de produtores.

Lembra que o consumo de produtos agrarios favorece unha dieta equilibrada. Aumenta a inxesta de froitas e hortalizas.